

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

- 731** *Real decreto 2008/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro.*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 42 que o Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector no marco do sistema educativo xeral establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do ministro de Fomento. Competencia que, froito da nova organización departamental producida en virtude do Real decreto 432/2008, do 12 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e o Real decreto 438/2008, do 14 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, é asumida na actualidade polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no seu artigo 86.9, dispón que é competencia do Ministerio de Fomento a determinación das condicións xerais de idoneidade, profesionalidade e titulación para formar parte das dotacións dos buques civís españois, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en canto ás dotacións dos buques pesqueiros.

O Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro, regula no seu anexo I o contido mínimo das tarxetas profesionais náutico-pesqueiras que expiden as comunidades autónomas competentes.

A experiencia destes dez últimos anos, desde a entrada en vigor dos reais decretos 930/1998 e 662/1997, demostra que as tarxetas expedidas polas comunidades autónomas xeraron confusión ante as autoridades estranxeiras ao non existir un formato único e homoxéneo, o que provocou numerosos inconvenientes para o seu recoñecemento internacional.

Este real decreto ten por obxecto establecer uns criterios de homoxeneidade no texto e formato das tarxetas profesionais de buques pesqueiros, expedidas en todo o Estado español, ampliando o contido mínimo regulado actualmente polo Real decreto 930/1998 e adaptándoo ao regulado polo Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros (STCW-F) da Organización Marítima Internacional.

En febreiro de 2009 depositouse o instrumento de adhesión do Estado español ao citado Convenio STCW-F ante a Dirección Xeral da Organización Marítima Internacional, polo que se considera conveniente implantar o formato das titulacións expedidas en virtude da citada norma internacional antes da súa entrada en vigor, a cal se efectuará doce meses despois da data en que polo menos quince Estados o asinasen sen reserva.

Nas tarxetas de identidade inclúese un texto en inglés que facilite o seu emprego en buques de pavillón estranxeiro e que facilite, en xeral, o control por autoridades estranxeiras das actividades que as ditas tarxetas profesionais amparan. Así mesmo, régulanse as características técnicas máis adecuadas para o contido mínimo que debe figurar neles.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e oído o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro.*

O Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro, queda modificado do seguinte modo:

Un. O número 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. As tarxetas profesionais náutico-pesqueiras expediranse polo menos en castelán e en lingua inglesa.

As comunidades autónomas con outra lingua oficial ademais do castelán poderán expedir os títulos e as tarxetas profesionais nun só documento redactado, ademais de en lingua castelá e inglesa, na outra lingua oficial da comunidade autónoma, en tipo de letra de igual rango.»

Dous. O número 4 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«4. A tarxeta profesional náutico-pesqueira deberá conter, como mínimo, os datos indicados no anexo I segundo as previsións do anexo V.»

Tres. Modifícanse o anexo I, sobre o modelo de tarxeta profesional náutico-pesqueira, e o anexo II, sobre os datos que deben enviar as comunidades autónomas, e engádesse un novo anexo V sobre o deseño do formato das titulacións profesionais.

Disposición transitoria única. *Tarxetas profesionais.*

As comunidades autónomas establecerán os mecanismos necesarios para expedir as tarxetas no formato regulado neste real decreto, nun prazo máximo que non supere a entrada en vigor do Convenio STCW-F.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

MODELO DE TARXETA PROFESIONAL NÁUTICO-PESQUEIRA

(Anverso da tarxeta)

Fotografía del titular

ESCUDO Y BANDERA DE ESPAÑA

ESPAÑA

TARJETA PROFESIONAL NÁUTICO-PESQUERA
MARINE-FISHERY PROFESSIONAL CARD

Título profesional/Professional Certificate:

Número/Number: Expedido el/Date of issue:

Caducidad/Expiry date:

Apellido 1/Surname:

Apellido 2/Surname:

Nombre/Name:

DNI-Pasaporte o NIE/ID-Passport or FIN: Nacionalidad/Nationality:

Fecha de nacimiento del titular/Date of birth of cardholder :

FORMACIÓN/CERTIFICATION	REGLA/RULE STCW-F CONVENTION

Esta tarjeta es personal e intransferible. En caso de utilizarla persona distinta se recogerá y anulará, sin perjuicio de exigir las responsabilidades a que haya lugar. Faculta al interesado para acreditar estar en posesión del título correspondiente ante cualquier autoridad o Entidad nacional o extranjera, sin necesidad de presentarlo.

This card is personal and non-transferable. If used by a different person, it shall be withdrawn and cancelled, reserving the right to the corresponding legal action. This card entitles the holder to accredit possession of the corresponding certificate to any authority or national or foreign body, without being required to show it.

(Reverso da tarxeta)

El Gobierno de España, a través de la Comunidad Autónoma de, certifica que este título se ha expedido a favor de D./Dña., a quien se considera plenamente competente de conformidad con lo dispuesto en la Regla del Convenio Internacional sobre Normas de Formación, Titulación y Guardia para el personal de los buques pesqueros (STCW-F, 1995), y apto para desempeñar las siguientes funciones, al nivel especificado y sin más limitaciones que las que se indican, hasta la fecha de caducidad.

The Autonomous Community of on behalf of the Government of Spain, certifies that this card has been issued to who has been found fully empowered in accordance with the provisions of Rule of the International Convention on Standards of Training, Certification and Watchkeeping for Fishing Vessels Personnel (STCW-F 1995), to perform the following functions, at the specified levels and subject only to the indicated limitations, until its expiry date.

Su legítimo titular puede ejercer el cargo o cargos siguientes.
The lawful cardholder may perform the following duties.

CARGO/DUTY	LIMITACIONES/LIMITATIONS

Firma del titular/signature of the cardholder

.....
(Sello oficial)/(Oficial seal)

*Firma del funcionario debidamente autorizado/
Signature of duly authorized official*

*Nombre del funcionario debidamente autorizado/
Name of duly authorized official*

Durante la prestación de servicios a bordo de un buque pesquero, deberá estar disponible el original del título correspondiente.

The original of the corresponding certificate must be available while serving on a fishing vessel.

ANEXO II

Datos que deben enviar as comunidades autónomas á Secretaría Xeral do Mar, respecto de cada título e tarxeta profesional:

- a) Nome, apelidos, número de documento nacional de identidade ou pasaporte ou de identificación de estranxeiros, nacionalidade e número de orde.
- b) Data de expedición.
- c) Data de antigüidade da titulación.
- d) Especificación de se se trata de novos títulos ou tarxetas, ou de levantamentos de restrición do mando ou xefatura, validación e renovación destes, de ser o caso.

ANEXO V

Deseño do formato das titulacións profesionais

1. Formato de seguridade do soporte e impresión da tarxeta profesional.

As dimensións que deben ter as tarxetas profesionais son as correspondentes ao tamaño DIN A 4.

A gramaxe será de 100 g/m².

A composición deberá garantir a resistencia e durabilidade do documento.

Marca de auga: co escudo constitucional e fibras luminiscentes.

Fondos de seguridade: incluírán tinta invisible, microtextos e impresión codificada, formando ondas de fondo.

En tinta invisible, visible á luz ultravioleta, figurará a lenda «tarxeta profesional náutico-pesqueira» e «professional card marine-fishery».

A cor dos fondos: será «Pantone 542» (azul).

Na esquina superior dereita figurarán a bandeira de España e o escudo constitucional.

Na esquina superior esquerda sitúase o espazo para a fotografía, cuxo tamaño será de 21x29 mm.

Todos os documentos emitidos deberán estar numerados co fin de evitar usos fraudulentos. A numeración arábica secuencial figurará na esquina inferior dereita.

2. Personalización: datos impresos.

Os datos de base conterán a información indicada no anexo I, para o anverso e o reverso da tarxeta profesional.

Na parte superior levan impreso «ESPAÑA» «TARJETA PROFESIONAL NÁUTICO-PESQUERA», en arial 18 e arial 14 grosa, respectivamente.

Baixo esta lenda imprimirase «SPAIN» «PROFESSIONAL CARD MARINE-FISHERY» e, se é o caso, en lingua cooficial separando ambas mediante unha liña, en arial 10. Centradas con respecto á anterior.

O restante texto imprimirase en tipo de letra arial 10, en castelán e inglés e, se é o caso, na lingua cooficial da comunidade autónoma.